Campo de San Antonio, s/n – 27400 Monforte de Lemos (Lugo) 982 402 501 982 404 812 www.monfortedelemos.es https://sede.monfortedelemos.es cultura@concellodemonforte.com

CONCURSO DE BELÉNS PARA CENTROS DE ENSINO DE MONFORTE DE LEMOS

NADAL 2026 – 2027

1- A Delegación de Cultura do Concello de Monforte de Lemos, convoca un **CONCURSO DE BELÉNS PARA CENTROS DE ENSINO DE MONFORTE**.

2- Poderán participar todos os centros de ensino monfortinos que o desexen, soamente se permitirá a presentación dun belén por centro.

3- Valorarase a orixinalidade, o traballo e a presentación artística.

4- As solicitudes de inscrición para a participación no certame presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Monforte, sendo o derradeiro día o 11 de decembro ás 14:00 h. Todas aquelas solicitudes presentadas fóra deste prazo serán desestimadas calquera que sexa a causa do seu atraso.

5- O XURADO cualificador do concurso visitará os centros participantes o 14 de decembro e a súa decisión será inapelable. Os premios faranse públicos o 15 de decembro nos medios de comunicación.

O xurado estará composto por:

PRESIDENTE: A Delegada de Cultura ou persoa á que designe.
VOCAIS: Persoas relacionadas coa cultura local.
SECRETARIO: O técnico de Cultura do Concello de Monforte, con voz e sen voto, que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases do concurso.

O xurado terá liberdade de criterio para establecer as súas cualificacións, sendo os criterios a valorar os seguintes: a montaxe, a elaboración, os materiais utilizados, a orixinalidade o interese etnográfico e calidade do belén. Cada criterio de cualificación terá una puntuación de 0 a 2 puntos e cun máximo de 12.

6- A participación neste concurso supón a total aceptación das bases e a súa interpretación correspóndelle exclusivamente ó Xurado, sendo a súa decisión inapelable.

7- PREMIOS

Haberá un primeiro, un segundo, un terceiro premio e un accésit.

Se o xurado o considera oportuno poderá conceder dous primeiros, dous segundos, dous terceiros premios ou tres accésits, sempre que a suma total dos premios concedidos no concurso non supere os 700 €.

Os premios serán indivisíbeis e poderá quedar deserto algún deles, segundo a decisión do xurado do concurso.

/*1º premio* de 150 euros /*2º premio* de 100 euros /*3º premio* de 75 euros /*Accésit* 50 euros

Os aboamentos dos premios serán tramitados na forma indicada pola Tesourería do Concello de Monforte de Lemos, a través dunha transferencia bancaria.